

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 08 DE XULLO DE 2022

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M^a Carmen
Presedo Garazo, Antonio

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Barriocanal López, Yolanda
Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María
Pérez Losada, Fermín
Pérez Rodríguez, Fco. Javier
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón
Domínguez López, Ángel

Estudantes

Caamaño Rodríguez, Yera
Domínguez Carrera, Lucía
González Jorge, David
Lozano Ramírez, Amado
Tierra
Rama Mosquera, Alejandro
Rodríguez Álvarez, Lucía

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpan ausencia:

PDI

Reboreda Morillo, Susana

A xunta realízase de xeito presencial na sala de Profesorado do Edificio de Facultades e de xeito virtual, mediante o Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe o venres 08 de xullo de 2022 ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do venres 29 de abril de 2022 e extraordinaria do 13 de maio.
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, do cambio de data no exame da materia de Prehistoria da Península Ibérica por mor da coincidencia co exame de Historia Moderna de España correspondente ao actual curso académico.
4. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2022-2023.
5. Aprobación, se procede, dos horarios correspondentes ao curso 2022-2023.
6. Aprobación, se procede, das datas de exames para o curso 2022-2023.
7. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos, xa validados en Comisión de Calidade:
 - a. Planificación docente do Centro para o curso 2022-2023.
 - b. Plan de Promoción do Centro para o curso 2022-2023 (DO 0202 P1).
 - c. PAT correspondente ao curso académico 2022-2023 e da proposta de profesorado titor.
 - d. Procedemento para o seguimento e control da docencia (R4 DO-0201 P1).
 - e. Criterios de asignación de prácticas curriculares para o curso 2022- 2023 (R1 DO-0204 P1).
8. Aprobación, se procede, dos cambios no RR.II da Facultade.
9. Aprobación, se procede, do novo regulamento de prácticas académicas externas do Grao en Xeografía e Historia.
10. Asuntos de urxencia.
11. Rolda de intervencións.

O decano da lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do venres 29 de abril de 2022 e extraordinaria do 13 de maio.

Apróbanse as actas por asentimento

2. Informe do presidente.

Comenta o presidente a situación en que se atopa a cuestión dos currículos xeografía e historia de Galicia en Bacharelato; lembra o texto consensuado que saíra da Xunta de Facultade e que foi remitido a Consellería. Con posterioridade celebrouse una reunión en Santiago dos decanos de historia da UVigo e a USC co que en aquel momento era o Secretario Xeral de Educación. Daquela xuntanza o que saíu foi a reflexión, que era conxunta, tanto no sentido precipitación á hora de elaborar os currículos como, sobre todo, o tema do título que marcaba o que era o programa, quedouse por parte da Consellería en remitir o currículum no estado en que se atopaba, pero finalmente tomou a decisión de paralizalo. Finalmente, parece aberta a consellería a proposta que se fixera polo decano: Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia, aínda que na concreción desta materia e os seus contidos está traballando un equipo de expertos da Consellería e non se pediu ningún tipo de colaboración por parte das Facultades de Historia.

Sobre a cuestión da captación alumnado, sinala o presidente que as cifras provisórias están nos 35 alumnos en primeira elección e outros tantos en segunda. Son cifras pendentes de confirmación, non son cifras malas, pero a prudencia esixe agardar. Seguimos o plano de difusión que se tiña elaborado: varios talleres a cargo de Begoña e Xeitura, a difusión da campaña *Fai Historia con Nos*, este ano potenciando un pouco mais a difusión na rede social Instagram. Considera que é difícil establecer a relación causa/efecto entre todo este esforzo de propaganda e o que logo é o determinante na elección dun título por parte do alumnado, pero entende que hai que seguir por esta liña.

Comenta a continuación á experiencia deste ano coas “Xornadas de Portas Abertas” que se organizou por parte da Área de Captación de Alumnado nos tres campus e indica que tiñamos preparada unha presentación a cargo de Begoña (Xeitura), pero non acudiu ningunha persoa, nin alumnado potencialmente interesado nin as familias, tal e como ocorreu co resto das titulacións do edificio de Facultades; so informática e enxeñería aeroespacial parecen espertar interese. Chegamos á conclusión de que o mellor era

plantexar un cambio de datas, a do 14 de xuño non parece a máis adecuada para dar a coñecer os títulos, sería mellor unha data despois da primeira avaliación de Bacharelato, antes das vacacións de Nadal.

Sobre as Xornadas de Innovación Docente, comenta que finalmente foron nove os relatorios, un deles dunha docente de ensino medio que fora premio de innovación educativa o ano pasado. Un segundo relatorio da Área de Historia Antiga; os outros sete dende á área de historia contemporánea. Non chegou, por problemas no correo, o elaborado polo GEATT, algo que confirma a prof. Beatriz Comendador. Considera que é certo que se fixo de presa e que houbo erros no correo, pero cómpre reflexionar sobre esta situación, xa que este proxecto so pode funcionar se hai implicación nas áreas.

En relación coa convocatoria de Proxectos de Innovación Docente da Universidade, comenta o presidente o importante esforzo realizado por varias áreas coordinadas por Beatriz Comendador, pero non se acadou a puntuación suficiente. Remitiuse un correo pedindo información sobre os criterios de avaliación, pero aínda non houbo resposta. Sinala o desafortunado do procedemento, no que se constatan incluso erros nos prazos, etc.

Comenta que se atopa aberto prazo para presentación propostas SteamBach, a día de hoxe só unha proposta do prof. Xulio Prada, centrada na represión das mulleres durante o franquismo. Existe unha proposta feita en cursos anteriores pola prof. Susana Reboreda, pero que aínda non confirmou se a presentará nesta edición. Anima a que se presenten novas proposta.

Sobre o Convenio coa Deputación. Remitiuse a memoria e orzamento detallado, ademais de toda a documentación que pide a Deputación, de modo que unha vez pase o prazo de alegacións, se converta en algo firme. Non debería haber ningún problema. O problema está na xestión, complicada dende o punto de vista económico: non está claro o modo en que se ten que xestionar ou a qué partidas pode ir; hai diversas opinións nos servizos competentes ao respecto. Partindo da provisionalidade en que nos atopamos, enviouse ao profesorado un planing que a día de hoxe podemos estar en condicións de desenvolver. A idea é facer a visita de estudos que organiza a Facultade combinada con unha pequena xornada no parador de Santo Estevo de Rivas de Sil, co título *O Patrimonio Cultural e Natural Ourense*. Un máximo de 53 prazos, 6 relatorios de media hora, xantar, e, en función do tempo e posibilidades unha visita aínda por concretar. Esta actividade, para poder incluír conceptos que non sería doado incluír de organizala nós, será organizada por Xeitura, con preto 5000 euros de presuposto que se facturarán a cargo do convenio.

Expón o presidente que tamén se pretende, con cargo á subvención da Deputación, fomentar a presentación de relatorios as Xornadas de

Innovación. A idea é poder pagar estes relatorios, en función do seu número, con entre 120 e 150 euros. É imprescindible seguir o mesmo formato que este ano, un vídeo de 35-40 minutos. Tamén se van imputar ao convenio dúas saídas que terán lugar no primeiro cuadrimestre: a Beade organizada pola Área de Historia da Arte e a visita á Serra da Lastra pola Área de Xeografía.

Sinala o presidente que se trata de actividades pechadas. O convenio, ou a subvención, só pode cubrir o que aparece recollido na proposta.

Comenta a continuación que, xa fora do convenio, preténdese retomar as Xornadas da Facultade. Enviáronse as temáticas que se presentaran outros anos, e delas, a última elixida fora “Espazo e Poder”.

Outra actividade, as Xornadas de Historia Contemporánea que se fan en colaboración coa UNED, espertou o interese da Deputación, xa que conta con alumnos/as matriculados que son de fora de Ourense. A Deputación está interesada en incluír un vídeo promocional nestas Xornadas.

En función do anterior, o presidente solicita das Áreas un título e relator para as Xornadas de Innovación Educativa e Docente; o vídeo tería que estar entregado, como data límite, o 30 setembro de 2022. O docente pode ser da facultade ou de fora; pero é necesario propoñer agora, antes do 20 de xullo, unha proposta de título e nome do relator, xa que hai que presentar a relación a Deputación. Considera o presidente que é preciso que entre ás áreas se reparta a Xornada de Santo Estevo e as Xornadas da Facultade. En relación coas primeiras cree que o ideal é que sexan feitas por profesorado da Facultade, xa que todos traballamos cousas que teñen que ver coa temática proposta e porque o único que podemos pagar o relatorio; deste modo aproveitaríamos a viaxe e o xantar no mesmo día. Non é posible pagar viaxes ou hotel a persoas que se despracen dende outras cidades. Nas segundas non habería problema, en principio, en atender outro tipo de gastos xa que se trata do orzamento da Facultade.

O presidente abre unha quenda de intervención para que dende ás áreas se se realicen propostas co título das Xornadas da Facultade. Sinala que xa se recibiu no decanato a proposta da prof. Susana Reboreda co título “Historia e infancia”.

A Prof. Beatriz Comendador indica que dende a Área de Prehistoria, para as xornadas de Ribas de Sil, poderían presentar algunha cuestión relacionada coa potencialidade da Arte rupestre na provincia de Ourense.

Prof. Xulio Prada, sinala que dende historia contemporánea, e para as Xornadas de Ribas de Sil, se podería presenta un relatorio sobre a xestión do denominado «patrimonio incómodo».

A prof. Yolanda Barriocanal indica que, tamén de cara as Xornadas de Ribas de Sil, a Área de Historia da Arte podería presentar un relatorio sobre a

renovación arquitectónica do Mosteiro de Santo Estevo tras a súa incorporación á reforma de la congregación de San Benito de Valladolid.

A prof. Elena de Uña, dende a Área de Xeografía Física, aínda que comenta algunhas dificultades nas datas previstas, considera que se podería presentar un relatorio sobre a potencialidade do patrimonio cara ao turismo.

O prof. Fermín Pérez Losada, dende a Área de Prehistoria, considera que poderían presentar un relatorio sobre a implantación do viño en época romana en distintas zonas do interior de Ourense; ou algo sobre os celeiros.

O prof. Xosé Ramón Campos propón como tema dun relatorio para as Xornadas de Santo Estevo a emigración de ourensána a América ou, dado o tempo dispoñible podería ser a un único país. Comenta o presidente que é unha temática difícil de encaixar, dado que as Xornadas se centran no patrimonio. Pero que, en función do número de relatorios, podería buscarse algún encaixe. O prof. Xosé Ramón Campos indica que, dende esa perspectiva, o tema do relatorio podería ser a incidencia do retorno. Algo que o decano considera que podería encaixar perfectamente na temática.

O prof. Francisco Javier Pérez indica que dende a Área de Historia Medieval podería presentarse un relatorio relacionado con calquera contido da súa Área (monasterios, castelos, vilas, etc.), sempre referido a provincia de Ourense.

Considera o decano que, con estas propostas as Xornadas de Santo Estevo están cubertas e que non se trata de presentar grandes innovacións, senón de dar a coñecer o traballo que se realiza na Facultade e conseguir publicidade de cara ao futuro alumnado. Lembra que todas estas propostas deben estar concretadas con título e relator para o 20 de xullo para pechar o programa e informar á Deputación, aínda que a concreción definitiva dos relatorios podería facerse, incluso, a comezos de setembro. Sobre as Xornadas da Facultade, o presidente é consciente de que que o número de asistentes á Xunta e reducido para propoñer temas e pregunta aos membros da Xunta se consideran oportuno que se abra o prazo de votación para consensuar un título, ben sobre os temas recollidos na comunicación o ben se alguén quere facer unha proposta nova –neste caso que o comunique canto antes–, xa que sería conveniente ir pechando este tema, a idea e que o 14 de xullo xa contemos cun título definitivo. Os títulos presentados o ano pasado son perfectamente válidos e insiste en que o máis importante é que sexan temáticas transversais, temas suficientemente amplos que se poidan tratar dende as diferentes áreas.

Sobre a cuestión da distribución de espazos, comenta o decano que temos un problema importante, xa que temos que asignar 17 espazos (despachos). Deles 9 serían para profesores/as de lista de agarda e 8 para as diversas modalidades de bolseiros, o que considera unha boa nova porque se ten reducido a carga docente do profesorado a tempo completo, o cal permite

incorporar novos investigadores/as. O problema está en que se trata dunha casuística ampla, que non aconsella a elaboración dunha normativa ao respecto, polo que considera que a solución pasa por intentar manter unha certa racionalidade para intentar conciliar todas as casuísticas que se poidan presentar. Temos que considerar que a prof. María Vitoria Carballo Calero, remata o seu período como emérita, deixando un espazo libre no que se poden ubicar tres mesas no despacho que ocuparían tres dos profesores de Historia Contemporánea, no soto, tamén se poden ubicar tres ou catro mesas e contemplar inicialmente como reserva os seminarios de Historia Antiga, e Historia Moderna e Contemporánea, pero que a concreción definitiva farase en función das incorporacións.

Finalmente, o presidente pide que conste en Acta o agradecemento ao profesorado que este curso tivo alumnado PIUNE, especialmente en primeiro. É unha boa nova que este alumno, Juan Castro, superase todas as materias; é indubidable que foi gracias ao seu esforzo, pero tamén ao da bolseira, Sara Zás, quen tivo unha especial implicación e sensibilidade á hora de prestarlle a súa axuda. Solicitouse que se lle renovase a bolsa para o vindeiro curso, e neste momento se está no proceso de renovación

3. Aprobación, se procede, do cambio de data no exame da materia de Prehistoria da Península Ibérica por mor da coincidencia co exame de Historia Moderna de España correspondente ao actual curso académico.

Detectado este solapamento cambiouse o exame de Prehistoria da Península Ibérica para o venres 8 de xullo.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2022-2023.

Sinala o presidente que a principal novidade de este ano é que se adianta uns días a defensa do TFG na primeira convocatoria, para evitar problemas no prazo de inscrición no Mestrado de Secundaria, que comeza antes das datas de defensa do TFG da Facultade. O curso pasado isto xerou importantes problemas para o alumnado, presentáronse protestas dende a Facultade e outros ámbitos, pero este curso académico mantiveron as mesmas datas. Estes dous días permitirán enfrontar con máis comodidade posibles problemas relacionados coa recepción das actas do TFG, así como coa asignación das matrículas de honra.

O representante do alumnado, Amado Tierra Lozano, sinala que ademais do tema das datas, que xa é bastante complicado, está a cuestión da falla de

información sobre o modo de realizar a reclamación. Entende que isto non depende da Facultade, pero pregunta si desde esta non se podería facer algo: unha guía, indicacións, etc. Comenta o decano que tanto el, en calidade de coordinador de itinerario nese Mestrado, como a anterior decana teñen feito solicitudes neste sentido. Non está moi claro porqué razón este Mestrado adianta as súas inscrición con relación a outros; a cuestión de fondo parece ser o amplo número de solicitudes para as prazas existentes. A secretaría ten unhas horas concretas dedicadas a este Mestrado o que retrasa a resposta as consultas. Dende a Facultade non dispoñemos de indicacións nun xeito ou outro e a petición dunha mellor información a través da web do Mestrado fíxose o curso anterior.

O prof. Fermín Losada chama a atención sobre o feito de que este Mestrado teña un calendario específico, diferente dos demais. Responde o decano que, ademais de ser un dos mestrados con maior número de alumnado, a xestión dos distintos itinerarios e dos centros implicados é moi elevada.

A prof. Elena de Uña, indica que son constantes queixas e solicitudes feitas por parte do profesorado en relación coa incidencia que se comenta. Que non é por falta de vontade do profesorado de Xeografía e Historia. Coincide o decano coa apreciación da prof. Elena de Uña, e considera que isto é unha realidade que debe preocupar aos centros implicados. Se foron mellorando cousas, esencialmente pola implicación do profesorado.

O prof. Antonio Presedo pregunta se foron cubertas as prazas en primeira convocatoria ou aínda existe posibilidade para que o noso alumnado se poida matricular en segunda convocatoria. E se existiría a posibilidade de que se incrementase o número de alumnos/as pasando dos 20 a 25. O decano responde que xa na presinscrición a demanda supera o número de prazas ofertadas e a CAM é reticente a ampliar o número de prazas.

Aprobouse o calendario académico por asentimento.

5. Aprobación, se procede, dos horarios correspondentes ao curso 2022-2023.

O presidente agradece o traballo realizado pola vicedecana Carmen Arribas na elaboración dos horarios. Destaca as dificultades derivadas de encaixar o PECEO, e da prioritaria atención ao alumnado coas expectativas do profesorado.

Sinala a profesora Elena de Uña que é probable que a saída de primeiro curso cambie de data. Comenta o presidente as razóns deste cambio, xa que está previsto pola Vicerreitoría do Campus a celebración dun Simposio os días 29 e 30 de setembro no que a prof. Elena de Uña desenvolverá un relatorio. Si se concretan estas datas, habería que cambiar a data da saída prevista no horario de primeiro curso.

Apróbanse os horarios por asentimento.

6. Aprobación, se procede, das datas de exames para o curso 2022-2023.

Apróbanse as datas de exames por asentimento.

7. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos, xa validados en Comisión de Calidade:

- a. **Planificación docente do Centro para o curso 2022-2023.**
- b. **Plan de Promoción do Centro para o curso 2022-2023 (DO 0202 P1).**
- c. **PAT correspondente ao curso académico 2022-2023 e da proposta de profesorado titor.**
- d. **Procedemento para o seguimento e control da docencia (R4 DO-0201 P1).**
- e. **Criterios de asignación de prácticas curriculares para o curso 2022- 2023 (R1 DO-0204 P1).**

Comenta o presidente algúns aspectos dos puntos sometidos a aprobación da Xunta.

En relación co tema de planificación docente o presidente pide que conste en acta o agradecemento á prof. Beatriz Vaquero pola anticipación no cumprimento dos prazos, o que permitiu a celebración da Xunta con folgura. Indica tamén que, a día de hoxe, non foi posible incluír como coordinadores de materia a unha serie de docentes que están pendentes de renovación dos seus contratos ou do profesorado de lista de agarda, polo que haberá que estar pendentes, no seu momento, para saber se a inclusión se realizará de xeito automático ou ben será preciso abrir de novo a aplicación.

No caso do Plan Promoción do Centro, sinala que se trata simplemente da actualización documento, incorporando algunhas novidades, como pode ser o troco da Olimpíada de Historia polas Xornadas de Innovación Docente.

No PAT realizáronse algúns cambios, aínda que se manteñen os elementos esenciais de cursos anteriores. A novidade é a proposta de dous titores específicos para o PECEO (o prof. Antonio Presedo para os cursos 1º, 2º e 3º e a prof. María López para os cursos 4º, 5º e 6º) o que responde a unha demanda do alumnado, derivada da dificultade de concretar o titor ao que dirixirse, xe ao cursar materias en distintos cursos. Prodúcese troco na titorización de algúns cursos, así o prof. Xosé Ramón Campos pasa a ser titor de 4º, entrando o prof. Domingo

Rodríguez como novo titor de 1º; a prof. Beatriz Vaquero continúa en 2º e o prof. Julio Prada substitúe a Prof. Susana Reboreda en 3º. Continúan os titores dos Mestrados: a prof. Susana Reboreda no de Arqueoloxía e Ciencias de Antigüidade e o prof. Adolfo Fernández no de Valoración e Xestión do Patrimonio.

O procedemento para o seguimento e control da docencia é o mesmo documento de cursos anteriores, que foi sometido a revisión e actualización.

Os criterios de asignación de Prácticas Curriculares, adaptáronse ao novo regulamento da Universidade.

Apróbanse os cinco puntos por asentimento.

8. Aprobación, se procede, dos cambios no RR.II da Facultade.

Comenta o presidente que se trata de trocos derivados de introducir no Regulamento os cambios relativos á composición da Comisión de Calidade, derivados á súa vez da aplicación do novo regulamento Universidade. Agora o que se fai e actualizar a composición da comisión de calidade e as súas funcións.

Apróbanse os cambios no RR.II da Facultade por asentimento.

9. Aprobación, se procede, do novo regulamento de prácticas académicas externas do Grao en Xeografía e Historia.

Sinala o presidente que a nova redacción do Regulamento responde á necesidade de adaptarse ao disposto no novo Regulamento da Universidade. Comenta que é posible que se teñan que facer trocos máis adiante, en aspectos relacionados co procedemento, porque se creou unha nova aplicación para a xestión de prácticas, e que aínda se está concretando o seu funcionamento.

O prof. Fermín Losada chama a atención sobre a existencia dun erro nunha data que aparece na disposición adicional.

Apróbase o Regulamento de Prácticas por asentimento.

10. Asuntos de urxencia.

Non constan asuntos de urxencia.

11. Rolda de intervencións



Comenta o prof. Fermín Losada que rematou o período matrícula Mestrado de Patrimonio e que foron 28 as solicitudes presentadas en primeira convocatoria, polo que considera que se van asegurar os vinte alumnos/as necesarios.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13,30 h do día 08 de xullo de 2022, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro